



Coristanco, 18 de abril de 2020

Estimadas familias:

A situación de confinamento polo COVID-19 está a dificultar a comunicación entre os membros da comunidade educativa. É por iso que o noso centro educativo vai adoptar o sistema de mensaxería **AbalarMóbil** como canle de comunicación oficial convosco.

AbalarMóbil é unha aplicación da Consellaría de Educación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos a través do teléfono móbil dende calquera lugar, de forma cómoda e rápida. Deste xeito, van poder consultar os posibles avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo. Unha vez enviada a mensaxe, os/as responsables, que estean subscritos ás notificacións, recibirán os avisos nos seus dispositivos móbiles.

As familias que descarguen **abalarMóbil** disporán, entre outras, das seguintes funcionalidades:

- Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
- Consultar as cualificacións.
- Consultar e xustificar as faltas de asistencia.
- Consultar as faltas de conduta.
- Solicitar unha cita de titoría.

Acceder á mensaxería de **abalarMóbil** ten como obxectivo facilitar a comunicación entre o centro e os responsables do alumnado, ou entre o profesorado e este. Por iso, a Dirección do CRA de Coristanco – Santa Comba solicitavos que descarguedes esta aplicación nos vosos teléfonos móbiles. Tede en conta que deben ser smartphones. Enviámosvos ligazóns ao vídeo explicativo e á guía de instalación.

Como obter a app? Baixándoa desde **Google Play Store** ou **App Store**, teclea **abalarMóbil** e descargaa. Ao instalala, será requirido o número de teléfono ao que se queren recibir as comunicacións (deberá coincidir co que figura na base de datos do centro). Nese momento recibirase un SMS cun código de 9 díxitos que haberá que teclear na aplicación, e xa está!

Vídeo titorial para a súa instalación:

https://www.youtube.com/watch?v=O5AQ6P0Z_Tc&feature=youtu.be

Guía para a súa instalación:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/guia-mobil-familias-galego.pdf>

Recíbide un cordial saúdo,

O equipo docente do CRA de Coristanco – Santa Comba